

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15012730	IES Camilo José Cela	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Matemáticas	1º ESO	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para a materia de Matemáticas do 1º curso da ESO. Para a súa elaboración tívose como referencia o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

En moitas ocasións, unha pregunta interesante realizada nun eido lúdico ou ben unha observación inxeniosa sobre unha situación aparentemente inocente deron lugar a novos modos de pensar en matemáticas, materia cuxa aprendizaxe é maiormente descrita polo alumnado como tediosa e/ou difícil. Estas preguntas e situacións que son capaces de quebrar os bloqueos intelectuais e que fan avanzar o pensamento matemático xurden moi a miúdo cando somos capaces de poñernos nunha actitude distendida, fora do contexto serio e severo cós que se reviste normalmente esta ciencia.

Para iso, estableceranse vínculos entre as matemáticas e a vida cotiá do alumnado empregando as relacións que os contidos manteñen coas outras áreas do coñecemento (por exemplo, o ámbito STEAM). De este modo, intentarase conseguir que cada estudante visualice e comprenda a aplicabilidade e a utilidade da materia na súa contorna e tempo máis próximos.

Polo tanto, esta programación didáctica levarase a cabo baixo o propósito base de facilitar a incorporación dos e das estudantes á sociedade ensinando matemáticas non só desde un punto de vista académico se non que tamén social, mediante a introdución natural e nun contexto determinado dos distintos conceptos e estratexias.

O IES Camilo José Cela está situado no centro urbano da vila de Padrón, que conta con máis de 8000 habitantes e que é a cabeza dunha bisbarra de máis de 15000 residentes no concello e nos límites de Rois e Dodro. Estamos nunha zona predominantemente rural, pero que conta cos servizos e dotacións propios das zonas limítrofes coas áreas urbanas de referencia, Santiago e Pontevedra.

No IES Camilo José Cela cursa estudos cada ano unha media de alumnado que oscila entre 230 e 270 mozos e mozas de entre 12 e 18 anos. No curso 2023-2024, hai un número total de 230 matriculados/as: 113 homes (49%) e 117 mulleres (51%).

O alumnado do IES Camilo José Cela procede, nos cursos da ESO, na súa maioría do CEIP Flavia –centro adscrito–, aínda que tamén se matriculan alumnos e alumnas procedentes do outro colexio do casco urbano, o CEIP Rosalía de Castro. Nos cursos de Bacharelato –aínda que tamén en cursos de ESO– é onde máis se manifesta a presenza de mozos e mozas que proveñen dos concellos veciños, pois acoden a completar os seus estudos desde os CPI próximos de Dodro, Rois ou Cesures.

O alumnado que cursa os seus estudos no IES Camilo José Cela é bastante homoxéneo socioculturalmente. É de procedencia maioritariamente rural e dun nivel sociocultural medio. A inmensa maioría procede do concello ou concellos da bisbarra e, nos últimos anos, hai un moi pequeno número de alumnos e alumnas que proceden doutros países, como Venezuela, China ou Romanía.

En canto ás familias do centro, é destacable que a gran maioría manteñen unha estrutura de familia tradicional: o 67% das familias conviven os dous proxenitores cos fillos e fillas, mentres que o 31% son fogares en que os proxenitores están separados ou conviven con outra parella. O 2% restante son familias monoparentais.

Tendo en conta o contexto aludido, apréciase que predomina o medio rural ou rural-urbano, próximo ás zonas de influencia de dúas importantes áreas urbanas. A presenza da economía rural como apoio aos fogares é unha característica moi destacada do tecido social da nosa zona.

Como aspectos relevantes, podemos mencionar que o noso alumnado posúe un contorno familiar e social relativamente sólido en termos xerais, con familias predominantemente tradicionais en que están presentes en moitos casos os maiores como parte integrante do núcleo familiar e con peso nos afectos e relacións dos/as menores.

En canto ao profesorado, no presente curso hai 32 profesores e profesoras, dos/as que 26 son mulleres e 6 son homes. 21 destas persoas teñen destino definitivo no centro (70%), mentres que 9 teñen destino provisional (30%) e dúas son profesoras itinerantes (de Relixión e Educación Física), compartindo centro co veciño IES Macías o Namorado.

En canto aos espazos que ofrece o IES Camilo José Cela para levar a cabo a docencia da materia de matemáticas, estes responden a un modelo de aula grupo no que a distribución se corresponde coa tradicional (pupitres individuais colocados en filas). Os recursos dos que dispoñen as aulas son un encerado dixital e un ordenador portátil para o uso docente. A maiores, existe a posibilidade de empregar a contorna do centro ou a aula TIC para levar a cabo actividades nas que tamén se poderá traballar co material do departamento. Este curso implantouse de novo a aula-materia, sendo os alumnos/as os que se desplazan ás aulas en cada cambio de hora.

Por último, en canto aos grupos clase para os que desenvolve esta programación didáctica están constituídos por 34 estudantes (17 en A e 17 en B) de idades comprendidas entre 12 e 14 anos de 1ºESO de Matemáticas. En cada un dos dous grupos hai dous alumnos/as repetidores/as.

En canto á atención á diversidade do grupo, seguiranse o Plan de Orientación, o Plan de Atención á Diversidade e o

Plan de Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe do centro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar, modelizar e resolver problemas da vida cotiá e propios das matemáticas aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para explorar distintas maneiras de proceder e obter posibles solucións.			1-2-3-4	2	5		3	4
OBX2 - Analizar as solucións dun problema usando diferentes técnicas e ferramentas e avaliando as respostas obtidas para verificar a súa validez e idoneidade desde un punto de vista matemático e a súa repercusión global.			1-2	2	4	3	3	
OBX3 - Formular e comprobar conxecturas sinxelas ou expor problemas de forma autónoma, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación para xerar novos coñecementos.	1		1-2	1-2-5			3	
OBX4 - Utilizar os principios do pensamento computacional organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, interpretando, modificando e creando algoritmos para modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz.			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos interconectando conceptos e procedementos para desenvolver unha visión das matemáticas como un todo integrado.			1-3	2-3				1
OBX6 - Identificar as matemáticas implicadas noutras materias e en situacións reais susceptibles de ser abordadas en termos matemáticos, interrelacionando conceptos e procedementos para aplicalos en situacións diversas.			1-2	3-5		4	2-3	1
OBX7 - Representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos, información e resultados matemáticos usando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos.			3	1-2-5			3	4
OBX8 - Comunicar de forma individual e colectiva conceptos, procedementos e argumentos matemáticos usando unha linguaxe oral, escrita ou gráfica e utilizando a terminoloxía matemática apropiada, para lles dar significado e coherencia ás ideas matemáticas.	1-3	1	2-4	2-3			3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, poñendo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza para mellorar a perseveranza na consecución de obxec			5		1-4-5		2	3
OBX10 - Desenvolver destrezas sociais recoñecendo e respectando as emocións e as experiencias dos demais, participando activa e reflexivamente en proxectos en equipos heteroxéneos con roles asignados para construír unha identidade positiva como estudante de matem	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Números naturais e potencias	Esta unidade traballa as operacións con números naturais respectando a xerarquía, as potencias e as súas propiedades e problemas que se resolven mediante o uso de números naturais e potencias.	3	5	X		
2	Divisibilidade	Os criterios de divisibilidade, a descomposición de números naturais e a obtención do MCM e do MCD, así como tamén a súa aplicación en problemas contextualizados son obxecto desta unidade didáctica.	10	14	X		
3	Números enteiros	O desenvolvemento desta unidade está orientado ao traballo das operacións con números enteiros respectando a xerarquía de operacións e problemas contextualizados que se resolven mediante o uso de números enteiros.	10	14	X		
4	Fraccións	Nesta unidade trabállanse as operacións con fraccións respectando a xerarquía de operacións e problemas contextualizados que se resolven mediante o uso de fraccións.	10	14		X	
5	Decimais	Esta unidade está adicada ás operacións con números decimais respectando a xerarquía de operacións e á resolución de problemas contextualizados que se	10	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Decimais	resolven mediante o uso de números decimais.	10	11	X		
6	Proporcionalidade	Os conceptos de razón e proporción, as magnitudes directamente proporcionais e o uso de porcentaxes na resolución de problemas son os contidos traballados nesta unidade.	10	14		X	
7	Álgebra e ecuacións	O desenvolvemento desta unidade está orientado á introducción na álgebra e na resolución de ecuacións así como tamén a resolución de problemas alxébricos contextualizados.	10	15		X	
8	Unidades de medida. Sistema métrico decimal	Nesta unidade trabállase os concepto de magnitude e as súas diferentes unidades de medida e uso destas, de xeito apropiado, na resolución de problemas.	3	5			X
9	Figuras planas	Esta unidade dedícase ao estudo das figuras xeométricas planas e dos seus elementos característicos.	6	11			X
10	Perímetros e áreas	O uso das formulas de perímetros e áreas, a súa dedución e a aplicación en problemas contextualizados son o obxecto desta unidade.	6	11			X
11	Funcións. Táboas e gráficas	O desenvolvemento desta unidade está orientado ao traballo das coordenadas cartesianas e ao uso das funcións e das súa representacións para obter información relevante.	6	8			X
12	Estatística	Nesta unidade trabállanse os conceptos estatísticos fundamentais, as representacións gráficas e a análise e interpretación de táboas e gráficos en contextos da vida real.	6	10			X
13	Matemáticas para a vida en sociedade	Trátase dunha unidade transversal que reúne os criterios de avaliación e contidos aocidos ao sentido sociafectivo e que se traballarán ao longo de todo o curso.	10	8	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Números naturais e potencias	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas e exercicios de operacións combinadas de \mathbb{N} aplicando a xerarquía de operacións e utilizando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).	PE	90
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de \mathbb{N} e as súas operacións (+, -, x, /, ^ e/ou raíces exactas sinxelas) organizando os datos dados e describindo a xerarquía correcta para a súa resolución.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números. - Cantidade. - Identificación, comprensión e representación de cantidades con números enteiros. - Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción). - Sentido das operacións. - Aplicación de estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais. - Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas. - Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.

UD	Título da UD	Duración
2	Divisibilidade	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas sinxelos de divisibilidade organizando os datos dados e describindo os pasos para a súa resolución.	PE	90
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas e exercicios de divisibilidade utilizando a factorización en primos e aplicando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora) cos pasos axeitados.		
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variantes dun problema dado da vida cotiá en cuxa resolución se utilice a factorización en números primos modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números. - Relacións. - Utilización de factores, múltiplos e divisores. Factorización en números primos para resolver problemas, mediante estratexias e ferramentas diversas, incluído o uso da calculadora.

UD	Título da UD	Duración
3	Números enteiros	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas e exercicios de operacións combinadas de Z aplicando a xerarquía de operacións e utilizando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).	PE	85
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de números enteiros e as súas operacións (+, -, x, /) organizando os datos dados e representando a información de modo que permita atopar estratexias para a súa resolución.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cálculo.
- Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números.
- Cantidade.
- Identificación, comprensión e representación de cantidades con números enteiros.
- Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.
- Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números naturais e enteiros, incluída a recta numérica.
- Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción).
- Sentido das operacións.
- Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas.
- Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.

UD	Título da UD	Duración
4	Fraccións	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de operacións elementais (suma, resta, produto ou cociente) e ordenación de fraccións organizando os datos dados e representando a información para facilitar a súa resolución.	PE	90
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas e exercicios de fraccións e as súas operacións elementais aplicando a xerarquía de operacións e usando a estratexia adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora)		
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando fraccións comunicando correctamente o proceso matemático inherente.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cálculo.
- Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números.
- Cantidade.
- Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.
- Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción).
- Sentido das operacións.
- Aplicación de estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais.
- Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas.
- Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.
- Relacións.
- Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente.

UD	Título da UD	Duración
5	Decimais	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas nos que realiza operacións elementais (+, -, x, /) e ordenación de números decimais organizando os datos dados e representando a información para facilitar a súa resolución.	PE	90
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas e exercicios de números decimais e operacións elementais aplicando a xerarquía de operacións e utilizando a estratexia adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora)		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando os números decimais e as súas operacións comunicando correctamente o proceso matemático inherente.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números. - Cantidade. - Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción). - Sentido das operacións. - Aplicación de estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais. - Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas. - Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente. - Relacións. - Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente.

UD	Título da UD	Duración
6	Proporcionalidade	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas sinxelos de proporcionalidade recoñecendo magnitudes directamente proporcionais e elaborando representacións de razóns e proporcións en relacións cuantitativas.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas e exercicios sinxelos de proporcionalidade directa calculando a constante de proporcionalidade e aplicando a extratexia apropiada (razón de proporcionalidade ou porcentaxes).		
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando proporcións ou porcentaxes comunicando correctamente o proceso.	TI	10
CA1.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias (tecnoloxía), recoñecendo a achega da proporcionalidade ao progreso da humanidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números. - Razoamento proporcional. - Comprensión e representación de razóns e proporcións en relacións cuantitativas. - Recoñecemento de magnitudes directamente proporcionais. Cálculo e significado da constante de proporcionalidade directa. - Comprensión e utilización de porcentaxes na resolución de problemas.

UD	Título da UD	Duración
7	Álgebra e ecuacións	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema.	Comproba sen resolver a corrección das solucións dunha ecuación lineal.	PE	90
CA4.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Realiza correctamente as operacións elementais con polinomios.		
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Calcula a expresión alxébrica dunha ecuación lineal a partir dun enunciado. Resólvea e interpreta o resultado obtido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Identifica e traduce a linguaxe alxébrica (expresións alxébricas ou ecuacións) unha situación da vida real.		
CA4.2 - Comprobar a validez das solucións dun problema e elaborar respostas coherentes no contexto exposto, avaliando o seu alcance e a súa repercusión desde diferentes perspectivas (de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable etc.).	Comprobar a validez das solucións de ecuacións lineais segundo o contexto do problema. Fai unha análise crítica da solución desde distintas perspectivas.	TI	10
CA4.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Busca a partir dunha relación entre dúas variables dadas (variable dependente e independente), variables novas que garden a mesma relación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Modelo matemático. - Tradución de expresións da linguaxe cotiá que representan situacións reais á linguaxe alxébrica, e viceversa. Cálculo do valor numérico dunha expresión alxébrica. - Uso de modelos matemáticos para representar e comprender situacións da vida cotiá. - Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada. - Variable. - Comprensión do concepto de variable. Variable dependente e independente. - Igualdade e desigualdade. - Uso da álgebra simbólica para representar relacións lineais en situacións da vida cotiá. - Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais. - Procura de solucións de ecuacións lineais. Contextualización das devanditas solucións. - Uso da tecnoloxía para comprobar as solucións dunha ecuación. - Pensamento computacional. - Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións. - Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.

UD	Título da UD	Duración
8	Unidades de medida. Sistema métrico decimal	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Identifica as magnitudas en cada situación e relacionaas coas súas unidades de medida.	PE	90
CA2.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Emprega correctamente os factores de conversión para as operacións en problemas que impliquen medidas.		
CA2.5 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Fai estimacións de medidas coa precisión adecuada.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magnitude. - Recoñecemento das magnitudas e das súas diferentes unidades de medida. Uso dos factores de conversión. - Elección das unidades e operacións adecuadas en problemas que impliquen medida. - Estimación de medidas coa precisión adecuada a cada situación.

UD	Título da UD	Duración
9	Figuras planas	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolve problemas e exercicios relacionados con distancias e ángulos de figuras planas.	PE	90
CA3.3 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Clasifica correctamente os tipos de figuras planas e identifica os seus elementos característicos (ángulos, rectas e puntos notables).		
CA3.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Constrúe figuras planas con lapis e papel, con ferramentas manipulativas e con ferramentas dixitais.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Descrición de figuras planas e dos seus elementos característicos: ángulos, rectas e puntos notables. - Clasificación das figuras xeométricas planas en función das súas propiedades ou características.

Contidos
- Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.

UD	Título da UD	Duración
10	Perímetros e áreas	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Interpreta e aplica as principais fórmulas para obter lonxitudes e áreas en formas planas.	PE	90
CA2.3 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Calcula perímetros e áreas de figuras a partir de perímetros e áreas doutras figuras dadas.		
CA2.4 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Emprega o teorema de Pitágoras para o cálculo de perímetros e de áreas.		
CA3.7 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Constrúe diferentes figuras xeométricas con ferramentas dixitais para relacionar os seus perímetros e áreas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Medición. - Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter lonxitudes e áreas en formas planas. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.

UD	Título da UD	Duración
11	Funcións. Táboas e gráficas	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Representa correctamente pares de coordenadas nun sistema de coordenadas e tamén calcula as coordenadas de puntos do plano.	PE	85
CA3.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Fai predicións a partir da gráfica ou da ecuación dunha función lineal.		
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Identifica as funcións lineais e non lineais. Estuda as propiedades relevantes das funcións a partir das táboas e gráficas.		
CA4.6 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Modeliza as relacións lineais en situacións da vida real e representa a recta a partir da súa ecuación.	TI	15
CA3.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Representa funcións doutras materias, como por exemplo a ecuación do movemento rectilíneo uniforme e interprétaa.		
CA4.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Usa software específico para a construción de gráficas e como apoio para xustificar os razoamentos dun problema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Localización e sistemas de representación. - Localización e descrición de relacións espaciais: coordenadas cartesianas e outros sistemas de representación. Uso de ferramentas tecnolóxicas. - Modelo matemático. - Uso de modelos matemáticos para representar e comprender situacións da vida cotiá. - Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada. - Variable. - Comprensión do concepto de variable. Variable dependente e independente. - Igualdade e desigualdade. - Uso da álgebra simbólica para representar relacións lineais en situacións da vida cotiá. - Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relacións e funcións. - Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación lineal. Coordenadas cartesianas. - Identificación de funcións, lineais ou non lineais e comparación das súas propiedades a partir de táboas, gráficas ou expresións alxébricas. - Modelización das relacións lineais en distintas situacións da vida real. - Representación da recta a partir da súa ecuación en problemas contextualizados. - Uso da álgebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas. - Dedución da información relevante dunha función mediante o uso de diferentes representacións simbólicas. - Pensamento computacional. - Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións. - Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos. - Uso de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.

UD	Título da UD	Duración
12	Estatística	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Identifica e fai propostas de variables cualitativas e cuantitativas. Pón exemplos de poboación, mostra e individuo.	PE	80
CA5.2 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Organiza os datos dados dunha variable unidimensional e constrúe a táboa de frecuencias.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Interpreta e calcula correctamente as medidas de centralización.		
CA5.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Interpreta a táboa de frecuencias dunha variable unidimensional e aplica conexións dos datos co mundo real.		
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Organiza os datos dados de forma gráfica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Elixe a representación gráfica adecuada para describir os datos dados.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Resolve problemas e exercicios de estatística con aplicación ás Ciencias Sociais ou a Economía e analiza de forma crítica a achega da estatística a esas materias.	TI	20
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece información estatística sinxela recollida en medios de comunicación e outros ámbitos. Emprega a linguaxe estatística con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización e análise de datos. - Concepto de poboación, mostra e individuo. Variables cualitativas e cuantitativas. - Recollida, organización e tratamento de datos de variables unidimensionais. Frecuencias. - Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas e cuantitativas en contextos da vida real. - Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas a cada caso para visualizar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas. Uso de procedementos manuais e tecnolóxicos (calculadora, folla de cálculo, programas informáticos) - Medidas de centralización: interpretación e cálculo. - Uso da calculadora e outras ferramentas tecnolóxicas para o cálculo analítico das medidas de centralización, así como a súa interpretación en situacións da vida real.

UD	Título da UD	Duración
13	Matemáticas para a vida en sociedade	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	100
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Un dos principais eixos vertebradores desta programación didáctica é a metodoloxía, entendida como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de forma consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados. Esta será desenvolvida ao longo das distintas Unidades Didácticas (UD), seguindo os principios metodolóxicos establecidos no Decreto 86/2015 e terá como principal obxectivo que o alumnado se involucre na súa propia aprendizaxe á vez que favorece a significatividade da mesma.

A nivel xeral, pódense distinguir dous tipos de sesións claramente diferenciadas pola metodoloxía empregada en cada unha delas, pois as do primeiro grupo serán de carácter teórico-práctico e as do segundo tratarán de depositar a responsabilidade da aprendizaxe nos estudantes con tarefas máis activo-colaborativas.

En cada UD empregárase o método expositivo pois as súas características permítennos avanzar de maneira máis

fluida ao longo do currículo. Somos conscientes de que esta metodoloxía ten certas limitacións como a falta de motivación, a inactividade ou a excesiva repetición, porén, creemos que é convinte para a explicación e fixación dalgúns contidos teóricos e para a práctica de exercicios que requiren de mecanización. Estas sesións teórico-prácticas serán intercaladas con outras nas que se levarán a cabo tarefas que contribuirán de maneira máis directa á adquisición de competencias e á significatividade da aprendizaxe mediante metodoloxías baseadas, na súa maioría, no traballo cooperativo-colaborativo. Para iso, o alumnado deberá de ser capaz de traballar en grupo, aprendendo deste xeito a escoitar e respectar as opinións dos demais e a chegar a acordos conxuntos.

Saber preguntar e preguntarse na dirección adecuada é realmente útil e permitirá en moitas ocasións que o estudante chegue á solución de problemas complexos. Parece entón necesario que todo docente teña a capacidade de realizar as preguntas adecuadas e que faga ver ao seu alumnado a importancia de cuestionarse convenientemente. Por esta razón, nalgunha das actividades desenvoltas ao inicio de cada UD empregárase a metodoloxía do arte de preguntar, na que o docente formulará cuestións relevantes para guiar ao alumnado no proceso de aprendizaxe cara a construción da solución.

Para a introdución dos temas máis novedosos e que habitualmente non se traballan en profundidade nos cursos anteriores, emplearase o método demostrativo. Así pois, conxuntamente alumnado e profesorado realizarán unha tarefa de referencia que permitirá establecer a relación dos conceptos coa realidade para logo levar a cabo de maneira autónoma outra similar.

Para a exposición de xeito informal e libre de todas as ideas arredor dun tema ou problema plantexado e estimular a creatividade emplearase a choiva de ideas. Dita técnica ten como obxectivos desenvolver e exercitar a imaxinación creadora e a búsqueda de solucións a problemas, impulsar o comportamento autónomo, orixinal e libre, ensinar aos participantes a non emitir xuízos ata que se xere un máximo de ideas e respectar as aportacións dos demais compañeiros.

As tarefas de maior duración terán como finalidade formar a un alumnado competente, capaz de empregar os seus coñecementos en situacións reais. Nelas, mediante a Aprendizaxe Basado en Problemas (ABP), plantexaranse preguntas que xeren a necesidade de indagar e investigar para obter unha solución das mesmas.

A matemática foi e é arte e xogo. Así pois, consideramos fundamental o uso da gamificación educativa, pois xera unha gran motivación no alumnado, tendente á baixa dados os múltiples estímulos presentes na sociedade do s.XXI, e incrementa o traballo en equipo, fomentando á súa vez valores e actitudes como a responsabilidade, a flexibilidade, a autoestima, a integración dos alumnos con dificultades, a xeración de entusiasmo ou a aprendizaxe profunda fronte á memorística, que permitirán ao alumnado afrontar con éxito os propósitos de calquera tarefa.

En menor grado, e sempre e cando se propicie a situación adecuada, estará presente tamén a aprendizaxe servizo. Con ela levaranse a cabo actividades que nos permitirán traballar cos contidos académicos e, á súa vez, realizar unha tarefa que teña contribucións positivas e directas á sociedade ou ao medio no que esta se desenvolve.

Debemos ter en conta como principio a diversidade do alumnado. Así pois, os mecanismos de reforzo que se porán en práctica serán tanto organizativos como curriculares. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias e fomentárase a correcta expresión oral e escrita. Para as actividades de reforzo emplearase a tutoría entre iguais, un método de aprendizaxe cooperativo baseado na creación de parellas de alumnos nas que un asume o rol de tutor e o outro de tutorando; ambos traballarán para a consecución dun obxectivo común, coñecido e compartido e que pode ser dende a consecución dunha competencia curricular ata a mellora da convivencia. Ademais, esta metodoloxía estará respaldada pola atención continua e individualizada do docente na aula, o cal outorgará tarefas adaptadas á práctica dos contidos específicos nos que o estudante amosa dificultades.

Por último, dado que un dos obxectivos da ESO é desenvolver hábitos de traballo individual, recurrirase á aprendizaxe autónoma en moitos dos apartados das actividades ou inclusive en actividades completas, co obxectivo de que os estudantes aprendan por eles mesmos e se involucren no seu propio proceso de aprendizaxe.

TIPOS DE ACTIVIDADES

Como se comentou na descripción da metodoloxía, ao longo das sesións das unidades didácticas vanse a realizar distintos tipos de actividades, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

Para introducir os contidos de cada tema levaremos a cabo tarefas de inicio entre as que se atopan: as motivadoras como poden ser o visionado dun vídeo ou a lectura dun documento, conto ou nova interesante, as actividades de avaliación inicial como Kahoots ou probas breves, debates. Ditas tarefas desenvolveranse de xeito individual ou en gran grupo (grupo clase).

A continuación realizaranse as tarefas de desenvolvemento dos contidos, estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas. Levaranse a cabo de xeito individual, en parellas ou grupos reducidos, cuxo grao de dificultade habitualmente vai en aumento ao longo da unidade. Entre estas atópanse actividades de búsqueda de información, análise de datos, uso das TIC ou xogos matemáticos.

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se

queren valorar. Así pois, para comprobar os coñecementos adquiridos polo alumnado en cada UD e avalialos, realizaranse tarefas e proxectos de maior dificultade nos que o docente pasará a un segundo plano, actuando simplemente como guía da aprendizaxe. Para iso, o alumnado traballará de xeito individual, en parellas ou en grupos reducidos en tarefas de aprendizaxe servizo, proxectos interdisciplinares, traballos de investigación ou exames.

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado, faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado. Así pois, no caso de que un ou unha estudante amose dificultades na comprensión do contido, proporcionaráselle adaptacións das actividades de acordo ao seu nivel detectado na avaliación diagnóstica, centrarase a súa avaliación no grado de evolución obtido fronte aos contidos alcanzados ou empregaranse agrupacións específicas como a titoría entre iguais ou as clases de reforzo co docente ou PT, ou agrupamento flexible. Por outra banda, se o ou a estudante ten una destreza operacional baixa, animarase ao mesmo a comporbar críticamente as solucións das actividades, proporcionaráselle ferramentas para a realización de cálculos matemáticos complexos ou se lle outorgarán actividades de repaso dos conceptos relacionados coa destreza operacional.

Finalmente, para aqueles que teñan problemas no manexo do software, realizaranse tarefas adicionais, limitarase o uso dos recursos informáticos na aula evitando así situacións de desigualdade ou emplearanse os medios TIC dispoñibles no centro. No caso do alumnado que desexe ampliar os seus coñecementos, plantearanse actividades que permitan profundizar os conceptos vistos e ata incrementalos mediante o emprego de páxinas web de matemáticas nas que poden atopar vídeos coa explicación dos contidos e actividades asociadas a estes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto da editorial Anaya e caderno do alumnado.
Fichas de actividades de consolidación, reforzo e ampliación.
Aula virtual, Webex.
Proposta didáctica. A web do profesorado e do alumnado da editorial Anaya.
Materiais manipulativos (xogos de corpos xeométricos e poliedros regulares), xogos para o estudo das fraccións, tangram, material de debuxo, calculadoras.
Biblioteca do centro.
Ordenador da aula e canon proxector da aula, materiais de debuxo sobre encerado (regra, compás, escuadra, semicírculo,...).
Aula de informática
Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, por exemplo).

No desenvolvemento desta programación didáctica empregaremos tres tipos de medios e recursos didácticos que contribuirán ao tratamento da diversidade da aula.

Por unha banda, estarán presentes os materiais convencionais como os libros de texto da editorial Anaya (na versión tanto impresa coma web) para que o ou a estudante teña sempre á súa disposición un apoio tanto teórico como práctico dos contidos vistos nas distintas sesións, as libretas que servirán para realizar un seguimento do traballo do alumnado, as fichas fotocopiáveis coas tarefas específicas para desenvolver tanto en horario lectivo coma non lectivo e tamén para atender ao alumnado NEAE (boletíns de reforzo e ampliación), cadernos de primaria e secundaria de niveis elementais para atender aos alumnos que necesiten unha adaptación curricular ou un programa de reforzo, tamén a calculadora e o material de debuxo (regra, compás, escuadra, cartabón, transportador de ángulos, etc.) para as tarefas fundamentalmente de xeometría ou de estatística e probabilidade e outro material da biblioteca do centro educativo.

En segundo lugar, emplearanse materiais audiovisuais e de gamificación educativa coma presentacións en PowerPoint (ou formatos similares) e cortos de series, películas ou documentais para as actividades iniciais e para a explicación dos contidos de cada unidade didáctica, posto que son un recurso que xera gran motivación no grupo

clase e que facilita a atención á diversidade. Dentro deste grupo tamén engadimos xogos coma os de corpos xeométricos e poliedros regulares, tangrams ou escape rooms virtuais.

Por último, o uso das TIC (ordenador e proxector da aula ordinaria, ordenadores da aula de informática e medios TIC propios do alumnado para o traballo fóra da aula) será fundamental para o desenvolvemento de moitas das tarefas propostas, pois permite a visualización de contidos matemáticos que poden resultar máis abstractos, xerando un maior grado de comprensión dos mesmos. Ademais, na aula virtual de Moodle da materia os estudantes poderán acceder ao material empregado na aula e outro complementario para reforzar e ampliar contidos, realizar un seguimento do curso escolar, acceder a programas matemáticos e páxinas web de gran utilidade como Geogebra, INE ou IGE, e tamén consultar información variada coma a proposta didáctica ou a web do centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación é necesario por ser instrumento efectivo de reflexión, orientativo tanto para o alumnado como para o profesor. A avaliación do alumno ou alumna será obxectiva e coherente cos criterios pedagóxicos adoptados durante o curso e dará conta dos contidos adquiridos e das competencias desenvolvidas.

Os referentes para o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continuas e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe. A principios de curso realízase unha proba inicial (non puntuable) e leenanse os informes individualizados feitos no curso anterior que permitirá coñecer a situación de partida.

A avaliación inicial de cada unidade poderá realizarse de diversas maneiras: a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolta na aula ou do traballo realizado en unidades previas.

Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	3	10	10	10	10	10	10	3	6	6
Proba escrita	90	90	85	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	15	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	10	100
Proba escrita	85	80	0	80
Táboa de indicadores	15	20	100	20

Criterios de cualificación:

A avaliación formativa realízase durante todo o curso, recollendo constantemente información sobre o progreso do alumnado. Unha vez ao trimestre informárase a través da cualificación da avaliación, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais e alumnos dos progresos destes no proceso de aprendizaxe.

As cualificacións trimestrais teñen, aparte da finalidade formativa, unha compoñente sumativa, xa que son as que serven de base para determinar a cualificación final de xuño. A avaliación sumativa valorará ao final do proceso o

grao de consecución obtido polo alumnado respecto aos obxectivos previstos.

Os procedementos empregados para dita avaliación serán a observación sistemática do progreso do alumnado, a análise e discusión das producións e as probas escritas. En canto aos instrumentos, teranse en conta as producións do alumnado (probas escritas, traballos individuais ou en grupo realizados na clase ou na casa e o caderno do estudante), o rexistro ou caderno do profesor (onde se recollerá o seguimento da avaliación continúa de cada estudante así como a súa participación na aula, o seu comportamento e a súa actitude ante o traballo) e outros recursos como as ferramentas comúns de avaliación competencial (rúbricas para avaliar os apuntamentos, rúbricas para avaliar a resolución individual dos exercicios, etc) ou as ferramentas para o tratamento da diversidade.

A cualificación de cada avaliación obterase do seguinte xeito:

- Probas escritas ou traballos .Valorarase de 0 a 10 puntos. A media (m) destas notas, ponderada en función dos contidos, representará o 80% da nota.

- Traballo do alumno na clase (a): puntuaranse de 0 a 10, cun peso do 10%, para o cal observarase ao alumno con carácter periódico, e valiaremos tendo en conta os apartados da "Rúbrica para avaliar o traballo do alumno. ESO", que se detalla a continuación:

INSTRUCCIÓNS TAREFAS NA CLASE

Nunca ten o material de traballo sobre a mesa cando comencemos a clase.

Non segue as intruccións do profesor/a. Sempre hai que decirlle que se poña a traballar.

Non realiza as tarefas da clase.

ATENCIÓN

Non mostra interese nin presta atención na clase.

PARTICIPACIÓN

Nunca participa na clase, preguntando dúbidas ou saíndo a pizarra.

REPECTO E ACTITUDE CARA O TRABALLO

Ten unha actitude moi negativa cara ó traballo.

A súa actitude perxudica o ambiente de traballo na aula

Sempre hai que chamarlle a atención porque distrae do traballo aos demais.

FALTAS DE ASISTENCIA E RETRASOS SEN XUSTIFICAR

Ten máis de 5 faltas de asistencia ou retrasos sen xustificar no trimestre.

NOTA: 0

INSTRUCCIÓNS TAREFAS NA CLASE

Habitualmente non ten o material de traballo sobre a mesa cando comencemos a clase.

Tarda moito en seguir as intruccións do profesor/a. Algunhas veces hai que decirlle que se poña a traballar.

Non realiza moitas das tarefas da clase.

ATENCIÓN

Mostra pouco interese e presta pouca atención na clase.

PARTICIPACIÓN

Casi nunca participa na clase, preguntando dúbidas ou saíndo a pizarra.

REPECTO E ACTITUDE CARA O TRABALLO

Ten unha actitude negativa cara ó traballo.

A súa actitude non favorece o ambiente de traballo na aula.

Ás veces hai que chamarlle a atención porque distrae do traballo aos demais.

FALTAS DE ASISTENCIA E RETRASOS SEN XUSTIFICAR

Ten 4 ou 5 faltas de asistencia ou retrasos sen xustificar no trimestre

NOTA:0,5

INSTRUCCIÓNS TAREFAS NA CLASE

Habitualmente ten todo o material de traballo sobre a mesa cando comencemos a clase.

Tarda un pouco en seguir as intruccións do profesor/a. Tarda un pouco en poñerse a traballar.

Habitualmente realiza todas as tarefas da clase.

ATENCIÓN

Xeralmente mostra interese nas explicacións e presta bastante atención na clase.

PARTICIPACIÓN

Ás veces participa na clase, preguntando dúbidas ou saíndo a pizarra.

REPECTO E ACTITUDE CARA O TRABALLO

Habitualmente ten unha actitude positiva cara ó traballo.

Non adoita molestar na clase.

FALTAS DE ASISTENCIA E RETRASOS SEN XUSTIFICAR

Ten 2 ou 3 faltas de asistencia ou retrasos sen xustificar no trimestre.

NOTA:1,25

INSTRUCCIÓN TAREFAS NA CLASE

Ten todo o material de traballo sobre a mesa cando comenzamos a clase.

De inmediato segue as instrucións do profesor/a e ponse a traballar.

Realiza todas as tarefas da clase.

ATENCIÓN

Sempre mostra interese nas explicacións e presta atención na clase.

PARTICIPACIÓN

Participa de modo activo nas clases, preguntando dúbidas, facendo preguntas útiles e saíndo a pizarra.

REPECTO E ACTITUDE CARA O TRABALLO

Sempre ten unha actitude positiva cara ó traballo.

A súa actitude contribúe a mellorar o ambiente de traballo na aula.

Nunca molesta na clase.

FALTAS DE ASISTENCIA E RETRASOS SEN XUSTIFICAR

Ten 1 ou ningunha falta de asistencia ou retraso sen xustificar no trimestre.

NOTA: 2

- Tarefas e traballo na casa (b): Puntuarase de 0 a 10, cun peso do 5%.

- O caderno de clase terá un valor (c) comprendido entre 0 e 10 cun peso do 5%, desglosado da seguinte forma:

PRESENTACIÓN (2,5 puntos):

Deixa márxenes e separa apartados.

Presenta o caderno limpo e claro.

Títulos de apartados ben diferenciados.

Título de cada actividade.

SECUENCIACIÓN (2,5 puntos):

Título e numeración ao comezar cada tema.

Respecta a secuencia lóxica da lectura.

CONTIDOS E CORRECCIÓN (5 puntos):

Calificación obtida no exame de libreta.

Os valores m, a, b, c poden redondearse ás decimas.

Polo tanto, CUALIFICACIÓN = $0,8m + 0,1a + 0,05 b + 0,05 c$

Ao longo do curso, no caso de que o alumnado amose unha actitude fraudulenta ou empregue material non autorizado durante a realización das probas escritas ou traballos, queda a criterio do profesor/a a anulación parcial de preguntas, cambiar preguntas por outras similares en dificultade, a calificación negativa ou, repetir o exame noutra data.

A nota final do curso obterase como a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

Con carácter xeral, para superar a materia requírase a superación das tres avaliacións.

Con todo, pode superarse a materia cunha avaliación suspensa se a ponderación do progreso do alumno ou alumna ao longo do curso é positivo.

Cada alumna ou alumno que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala nos quince primeiros días lectivos contados desde a data da avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada.

Para efectos de cálculo da cualificación final, substituirase (m) na fórmula da calificación trimestral pola cualificación

máis alta das dúas: da avaliación ou da recuperación correspondente. En ningún caso a nota final pode ser inferior á nota obtida previa a recuperación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural.

Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Á hora de expor as medidas de atención á diversidade solicitaremos, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de conflictividade, atención, etc.).
- As fortalezas que se identifican en canto o desenvolvemento dos contidos curriculares e os aspectos competenciais.
- As necesidades que se puideron identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, etc).
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar para obter un logro óptimo do grupo.

O profesorado debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades e facilitar os recursos ou estratexias variadas, sen perder de vista o nivel mínimo que se esixe.

A atención á diversidade debe concentrarse a través dos distintos tipos de actividades e das diferentes maneiras de presentar os contidos de cada unidade didáctica para facer posible a adaptación do currículo ás necesidades de cada estudante. Para que o alumnado poida comprender mellor a materia impartida nas diferentes sesións, procurarase dar acceso ao maior número de material e recursos didácticos como libros de reforzo, calculadoras, material xeométrico, etc.

Cabe destacar que se traballará de maneira estreita en colaboración co Departamento de Orientación para, no caso de detectar calquera problema, acadar a solución a calquera dúbida ou suxestión.

Neste nivel formarase un agrupamento flexible co alumnado que vexamos que ten algunha necesidade a partir da avaliación inicial, da observación nas primeiras semanas e os informes de primaria.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no canguro matemático	Proporase ao alumnado a participación nesta actividade.		X	
Ruteiro de xeometría por Padrón.	Participará todo o alumnado de 1o e 2o da ESO.			X
Participación no Estalmat	Proxecto dirixido á detección e ó estímulo do talento precoz en matemáticas.			X

Observacións:

O alumnado poderá realizar outras actividades que xurdan ó longo do curso, organizadas no centro ou organizadas fora do centro como poden ser exposicións, charlas, feiras, obradoiros, etc.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas
Metodoloxía empregada
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 156/2022 no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar "os procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O departamento realizará unha avaliación continua das programacións didácticas, coa finalidade de adaptalas á evolución do proceso ensino-aprendizaxe no momento do curso que sexa necesario. As revisións que se vaian producindo deberán ser aprobadas polo departamento.

A avaliación das programacións didácticas deberá incluír, polo menos, referencias a:

- Organización e distribución dos contidos e criterios de avaliación. Temporalización.
- Enfoques didácticos e metodolóxicos utilizados.
- Materiais e recursos empregados.
- Procedementos e instrumentos de avaliación desenvolvidos.
- Medidas de atención á diversidade implantadas.

Trimestralmente, coincidindo coa fin de cada avaliación, realizarase unha análise dos resultados obtidos en cada grupo. Se fose necesario deseñaranse propostas de mellora. Os resultados da avaliación da programación didáctica deberá ser incluído na memoria final do curso e servir como base para a revisión de ditos documentos na programación do curso seguinte.

9. Outros apartados